



PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DUNHA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A IMPARTICIÓ DO PROGRAMA DE FORMACIÓN TEÓRICO-PRÁCTICO EN TÉCNICAS AUDIOVISUAIS "VIDAS MARIÑEIRAS", DESTINADO Á POSTA EN VALOR DOS OFICIOS TRADICIONAIS, DO PATRIMONIO E DAS PAISAXES MARIÑEIRAS DA ZONA COSTEIRA DO TERRITORIO DO GALP A MARIÑA-ORTEGAL

1. Xustificación

O GALP A Mariña-Ortegal ten como obxecto colaborar na gobernanza da zona, participando activamente na construción da capacidade organizativa da zona pesqueira, servindo de núcleo de converxencia e representación das persoas particulares, entidades e axentes socioeconómicos con interese no desenvolvemento integral e equilibrado da zona, para alcanzar entre outros os seguintes obxectivos:

- Promover o desenvolvemento sostible poñendo en valor o patrimonio ambiental así como o patrimonio cultural do territorio.
- Fomentar o benestar social e o patrimonio cultural da zona pesqueira.
- Reforzar o papel da muller, promovendo medidas que favorezan a integración da igualdade de xénero e a non discriminación.

Para acadar estes obxectivos, o Grupo pretende levar a cabo este programa pedagóxico, que busca entre outras cousas:

- Posta en valor do patrimonio material e inmaterial do territorio, a partir do rexistro de accións e actividades das persoas que habitan a zona, da súa paisaxe, da súa actividade produtiva...
- fomento do traballo en equipo nunha disciplina cun gran potencial para desenvolver hábitos colaborativos no ámbito da creación artística.
- Vinculación e reflexión sobre o territorio, co obxectivo de detectar e desenvolver cuestións, preocupacións, reivindicacións e valores comúns a todo o litoral.
- Fomento da igualdade de xénero, que se incorpora de xeito transversal, buscando a sensibilización sobre as desigualdades e o potenciamento do desenvolvemento integral do alumnado.

Por este motivo preténdese levar a cabo esta actividade, coherente coa misión do Grupo de contribuír á creación dunha zona marítima moderna e dinámica que aposte por un sector pesqueiro innovador, forte e sostible capaz de xerar traballo de calidade, e por revalorizar, protexer e diversificar o uso do patrimonio natural e cultural contando coa implicación do conxunto da comunidade costeira.

Tendo en conta todo o exposto, considerase que esta actividade é importante para o territorio, xa que se trata de formar ás novas xeracións nunha actividade do seu interese como son as técnicas audiovisuais para producir un filme, enfocada a identificar o patrimonio costeiro material e inmaterial, acadando así o obxectivo de reforzar o valor do patrimonio natural e cultural da zona do GALP A Mariña-Ortegal entre os alumnos participantes, para así contribuír á súa posta en valor e protección. Por outra banda, o filme final do proxecto, representativo da vida e paisaxe da nosa costa, servirá para difundir e poñer en valor a zona costeira e darlle visibilidade ao GALP e á súa Estratexia.





2. Obxecto da proposta presentada

O obxecto da proposta é aproveitar este programa pedagóxico para divulgar información e fomentar a Estratexia do GALP, co fin de chegar a través dos alumnos de 3º e 4º de ESO e bacharelato e os seus familiares, a un maior número de posibles beneficiarios potenciais das axudas (autónomos, empresas e asociacións sen ánimo de lucro), ofrecendo a axuda do equipo técnico do Grupo para orientalos e dirixilos na solicitude de axudas. Así mesmo, trátase de poñer en valor os oficios tradicionais, o patrimonio e as paisaxes mariñeiras da zona costeira, sobre todo entre a xente mais nova.

3. Contido da proposta

As propostas deberán conter unha **memoria técnica** na que o licitante exporá os contidos e medios humanos e materiais para levar a cabo as actividades previstas. Deberá incluír ademais un cronograma de actividades (tendo en conta que as actividades se levarán a cabo entre setembro e decembro e deberán rematarse antes do 15 de decembro de 2018):

O programa pedagóxico "Vidas Mariñeiras" contempla a selección, titorización e desenvolvemento dun proxecto cinematográfico que dará como resultado un filme representativo da vida e paisaxe na nosa costa.

Primeira fase: convocatoria pública dun concurso de ideas para que o alumnado interesado presente os seus proxectos, detallando a idea que se pretende desenvolver e as persoas integrantes do grupo de traballo.

Os proxectos mellor valorados participarán na seguinte fase, de formación para desenvolver a gravación e edición das súas pezas audiovisuais.

Segunda fase: fase de formación en técnicas audiovisuais

Incluirá formación teórica, gravación, edición e posproducción, en sesións de formación e titorización dos grupos de traballo:

- Formación teórica: visualización de fragmentos de filmes e reflexión sobre as súas solucións formais
- Bosquexo dunha escaleta de produción
- Gravación dos planos e secuencias necesarias para a realización de cada filme
- Formación práctica en editores de vídeo e audio
- Edición do primeiro corte por cada grupo, esta primeira montaxe será revisada e debatida en conxunto para solventar e mellorar a estrutura do filme
- Presentación da edición definitiva
- Posproducción básica para preparar os filmes para a súa exhibición e introducir ao alumnado nalgunhas das ferramentas profesionais máis comúns de edición e posproducción de vídeo.

Esta fase resultará na gravación e edición dos filmes, exhibición en auditorio con presentación por parte dos seus autores e autoras, e posterior publicación en aberto na web.

As actividades que debe incluír son:

- Difusión do programa, e animación á participación por parte dos alumnos dos centros de ensino dos concellos pertencentes ao GALP A Mariña-Ortegal
- Selección de alumnos participantes.
- Impartición da formación teórica e práctica.





- Difusión dos filmes creados polos alumnos participantes
- Promoción e divulgación do GALP A Mariña-Ortegal, das súas funcións e dos aspectos máis relevantes da súa Estratexia.
- Elaboración dunha memoria final de execución e resultados, na que se detalle polo miúdo cada unha das actividades e o desenvolvemento das mesmas, que tamén inclúa listado de participantes cos seus datos e sinaturas, fotografías... O equipo técnico do GALP marcará as directrices para a elaboración deste documento.

A proposta debe especificar os seguintes aspectos:

1. Imaxe gráfica
 - 1.1. Adaptación ou revisión de marca
 - 1.2. Maquetación de base do proxecto
 - 1.3. Materiais de divulgación (carteis, banners, pantallas e adaptacións web)
 - 1.4. Materiais acto de presentación (convites, formularios, diplomas)
2. Comunicación
 - 2.1. Notas de prensa para lanzamento e evento de presentación
 - 2.2. Xestión de entrevistas
 - 2.3. Materiais para RRSS dos Grupos
 - 2.4. Cobertura do acto de presentación
3. Desenvolvemento web
 - 3.1. Plataforma xeral
 - 3.2. Adaptación microweb
4. Outros
 - 4.1. Impresións varias (carteis, folletos, diplomas)
 - 4.2. Reportaxe fotográfica
5. Actividades de coordinación e posta en marcha do programa
 - 5.1. Dinamización en centros de ensino públicos (contacto, asesoramento e seguimento)
 - 5.2. Dinamización grupos e recepción de proxectos
 - 5.3. Ordenación loxística de horarios, espazos e recursos
 - 5.4. Organización e apoio na organización do evento de presentación
 - 5.5. Coordinación xeral do programa
6. Edición e formación
 - 6.1. Actividades de formación (24 sesións)
 - 6.2. Desprazamentos e dietas
 - 6.3. Recepción e selección dos proxectos
 - 6.4. Coordinación con centros
 - 6.5. Elaboración de materiais pedagóxicos
 - 6.6. Preparación de copias

Ademais deberá incluír nos seus servizos a promoción e divulgación dos GALP A Mariña-Ortegal, das súas funcións e dos aspectos máis relevantes da súa Estratexia, así como a elaboración dunha memoria final de execución e resultados, na que se detalle polo miúdo cada unha das actividades e o desenvolvemento das mesmas.

Así mesmo, deberá presentar unha **memoria económica**, na que se detallen os importes co IVE desglosado.





4. Requisitos

- Os distintos licitantes acreditarán a súa solvencia técnica de xeito que quede latente a súa capacidade para desenvolver o contrato.
- Acreditarán a súa capacidade para contratar mediante unha declaración responsable e cumprimentando o anexo II que acompaña a estas bases.
- Acreditarán así mesmo que non existe ningún tipo de vinculación coa entidade contratante.

5. Prazo e forma de presentación

- As propostas presentaranse no rexistro do GALP A Mariña-Ortegal, sito na Rúa Misericordia nº 35 Baixo, 27850 Viveiro, ou por correo ordinario, adiantando neste caso a proposta por correo electrónico ao enderezo gac1@accioncosteira.es
- O prazo de presentación rematará no prazo de quince días naturais contados a partir do día seguinte da publicación destas prescricións técnicas.

6. Prezo do contrato

O prezo máximo do contrato será de 18.150,00 € (IVE incluído) e farase efectivo unha vez rematadas as actividades e entregado o informe final de execución e resultados.

7. Valoración das ofertas

- 50 puntos á calidade técnica da proposta presentada
- 40 puntos á oferta económica
- 10 puntos si a empresa é do ámbito territorial do GALP

En Viveiro, a 23 de maio de 2018

D. José Basilio Otero Rodríguez
Presidente do GALP A Mariña-Ortegal

